

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE GRANDA ABILLEIRA E SALGUEIROS, PARA A CONSERVACIÓN DA POBOACIÓN REPRODUTORA DE MAZARICO REAL EN GALICIA

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da administración autonómica, que, en virtude do establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres e a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen, entre outras, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a adopción de medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna silvestres que viven en Galicia.

ANTECEDENTES

O artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xea de Galicia que polo seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983 do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

En concordancia con isto, a Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, no seu artigo 88, determina que a Administración autonómica adoptará,





no seu ámbito competencial, as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia.

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Granda Abilleira e Salgueiros (en adiante, CMVMC Granda Abilleira e Salgueiros) é a propietaria do monte veciñal en man común de Granda Abilleira e Salgueiros, no concello de Castro de Rei (Lugo), segundo se recolle na ficha de clasificación do Xurado Provincial de Montes Veciñas en Man Común de Lugo, no que se atopa a parcela con referencia catastral 27010A204000460000PZ, (Poligono 204, parcela 46, Rozas, Castro de Rei, Lugo); parcela na que dacordo cos datos de seguimento realizado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en diante, CMACC) ven sendo empregada nos últimos anos como zona de nidificación e de cría de alomenos unha das dúas parellas que conforman a poboación nidificante na península Ibérica.

FINALIDADE

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa CMVMC de Granda Abilleira e Salgueiros o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de decembro 2025.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMACC e a CMVMC de Granda Abilleira e Salgueiros do uso da superficie de 9,3 ha da parcela con referencia catastral 27010A204000460000PZ e as labores de mantemento a realizar nela e que estarán encamiñadas á conservación e mantemento dun axeitada calidade estrutural do hábitat de nidificación (landa e matogueira de baixo porte <30 cm con ausencia de estrato arbóreo) da poboación nidificante de mazarico real.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común "Duarría" (en adiante, CMVMC "Duarría") é a propietaria do monte veciñal en man común de Granda Abilleira e Salgueiros, no concello de Castro de Rei (Lugo), segundo se recolle na ficha de clasificación do Xurado Provincial de Montes Veciñas en Man Común de Lugo, no que se atopa a parcela con referencia catastral 27010A204000460000PZ, (Poligono 204, parcela 46, Rozas, Castro de Rei, Lugo); parcela na que dacordo cos datos de seguimento realizado pola CMACC en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela ven sendo





empregada nos últimos anos como zona de nidificación e de cría de alomenos unha das dúas parellas que conforman a poboación nidificante na península Ibérica.

A poboación nidificante de mazarico real (*Numenius arquatus* L.) está incluída no Catálogo español e galego de especies ameazadas na categoría de «En perigo de extinción» (Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro e Decreto 88/2007, do 19 de abril.)

A poboación nidificante actual de toda a península Ibérica, constituída por 2 parellas segundo os datos censuais do ano 2024, está restrinxida a unha parcela de landa e matogueira mesófilo, propiedade do Ministerio de Defensa onde se sitúa o aeródromo de Rozas en Castro de Rei (Lugo), estando a poboación máis próxima en Europa no sur de Francia; poboación esta última de pequeno tamaño. Globalmente esta poboación atópase gravemente ameazada de desaparición, tanto pola propia dinámica demográfica dunha poboación illada e de pequeno tamaño, como pola incertidume acerca da conservación da zona de landa e matogueira, a estratexia de manexo de prados fundamentais para a alimentación de adultos e pitos, a mortalidade asociada a predación e labores agrícolas e o cambio climático.

Os cambios no uso do chan (destrución ou alteración do hábitat) como son a reforestación das áreas de matogueira, os cambios da estrutura da matogueira, a transformación de prados seminaturais ou a transformación de prados adxacentes ao área de nidificación en cultivos de millo é unha das principais ameazas para a recuperación da poboación reprodutora de mazarico real en Galicia.

Este convenio tramítase conforme ao establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

A Consellería achegará á finalidade deste convenio a cantidade de cinco mil euros (5.000,00 €), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 06.04.541B.481.0, código de proxecto 2016 00362, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os





principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración a razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase a dificultade da súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Asinado dixitalmente

A directora xeral de Patrimonio Natural

María Sol Díaz Mouteira

